

# FASCISMO E NAZISMO

## TEXTOS FASCISMO E NAZISMO

### Documento 1

Nós, os mozos (de entón) non nos adheriramos ao fascismo. Nacidos dentro del, eximiríanos da elección.

En todas as nosas casas había anciáns que tiñan morriña e exaltaban a Italia liberal [...]. Para nós a liberal-democracia era a impotencia, a desorde, as divisións sectarias [...]. O fascismo era, polo momento, o gregarismo caro a todos os mozos, o uniforme militar, as reunións e asembleas, o coro, o deporte, as excursións [...], e para o mañá inmediato, unha carreira segura [...].

I. MONTANELLI e M. CERVI, *La Italia lictoria*, 1982

### Documento 2

O liberalismo negaba o Estado en interese do individuo; o Fascismo reafirma o Estado contra a verdadeira realidade do individuo. E se a liberdade debe ser o atributo do home real, e non do fante abstracto no cal pensaba o liberalismo individualista, o Fascismo está pola liberdade. Está pola única liberdade que pode considerarse cousa seria, a liberdade do Estado e do individuo no Estado. En efecto, para o fascista todo está no Estado e nada humano nin espiritual existe nin nada ten valor fóra do Estado. En tal sentido o Fascismo é totalitario, e o Estado fascista, síntese e unidade de todos os valores, interpreta, desenvolve e potencia toda a vida do pobo [...].

B. MUSSOLINI, *A doutrina do fascismo*

### Documento 3

No terreo económico promove a constitución das corporacións profesionais, puramente fascistas ou autónomas, segundo as esixencias do tempo ou do lugar, baixo a condición de que estas obedezan en substancia ao principio nacional polo cal a Nación está por enriba das clases.

*Programa do Partido Fascista*, 1921

### Documento 4

Unha ideoloxía que, rexeitando o principio democrático da masa, aspira a consagrar este mundo a favor dos mellores pobos, é dicir, a favor do home superior, está loxicamente obrigada a recoñecer tamén o precepto aristocrático da selección dentro de cada nación, garantindo así o goberno e a máxima influencia dos máis capacitados nos seus respectivos pobos, esta concepción fúndase na idea da personalidade e non na da maioría.

A. HITLER, *A miña loita*, 1924

### Documento 5

Ao principio votamos polo partido populista, pero os conservadores non podían gobernar o país; eran demasiado débiles. Nesta loita implacable polo pan e o poder, tiñamos necesidade de ser guiados por unha man vigorosa e firme. A de Hitler érao. Tras os anos transcorridos baixo o seu mando sentímonos máis satisfeitos. Queríamos un sistema que funcionase ben e que nos proporcionase os medios para traballar tranquilamente.

Declaración de A. Krupp no proceso de Nuremberg, 1949